

**FOMENTO DA MOBILIDADE SOSTIBLE.  
ITINERARIO PEONIL E CICLISTA NA PO-551 (BUEU)**

## 1. Obxecto da Actuación

O obxecto da actuación é definir e valorar os traballos necesarios para a execución dun itinerario peonil e ciclista na estrada PO-551, no treito Lapamán – Cela – Castrelo, concello de Bueu; con fin de acadar unha mobilidade sostible e segura para os usuarios.

## 2. Plan de Estradas

A estrada convencional PO-551, *Marín (Pavillón E. Naval) - Rande (N-554)*, nos treitos do P.Q. 0+000 ao 6+420, do 14+780 ao 24+710 e do 26+050 ao 33+630, pertence á rede Local da Rede Autonómica de estradas de Galicia (REAG); e do P.Q. 6+420 ao 14+780, pertence a rede Estruturante da RAEG.

## 3. Descrición da Actuación

A actuación consiste na creación dun itinerario de uso mixto en dous treitos da estrada PO-551, do P.Q. 7+990 ao 8+900 e do P.Q. 9+080 ao 9+440. Ademais, nalgúns treitos instalaranse bandas de aparcadoiro en liña, para evitar que os vehículos invadan o percorrido peonil, e creárase un refuxio para a parada de autobús no P.Q. 8+700, permitindo o movemento de usuarios sen interrupcións na circulación.

Nalgúns treitos será necesario ampliar a plataforma, en xeral mediante escavacións e recheos, xa que algunhas das leiras lindeiras atópanse a diferente nivel da estrada. Para limitar as ocupacións en treitos concretos de ampliación da plataforma, proxéctanse muros de contención. Tamén, nalgúns casos de leiras con peches próximos á calzada foi necesario desmontalos, para acadar a anchura accesible de senda.

Debido a que, nalgúns puntos, existe certo desnivel entre a estrada e as leiras lindeiras, contéplase a modificación dos accesos mediante a execución de ramplas ou escaleiras, así como o acondicionamento das rasantes nos encontros con vías ou accesos á estrada.

## 4. Características técnicas

### Sección tipo:

A senda contará cunha anchura mínima de 2,02 m (bordo incluído), agás excepcións xustificadas pola existencia de fachadas. En xeral, mantense unha beiravía de 1 m, aínda que entre o P.Q. 8+570 e o 8+670 foi necesario reduci-la a 0,50 m pola existencia de vivendas próximas a calzada.

### Firmes e pavimentos:

- *Senda*: 20 cm base de solo adecuado + 10 cm formigón gris HF-3,5 + 6 cm de formigón coloreado HF-3,5. Dispoñeráse bordo de formigón prefabricado de 22x15 cm.

Nos accesos a pasos de peóns e nos inicios/finais de senda dispónse pavimento táctil de cor diferenciada con baldosa hidráulica de 30 x 30 cm, con indicador de botóns ou con indicador direccional.

Nas zonas de vaos de vehículos reducirase a altura do bordo a 2 cm respecto da rasante da estrada. Nestes accesos, nos extremos das paradas de autobús e de saída de banda do aparcadoiro, o pavimento terá un espesor de 20 cm e reforzarse con malla Ø10 de 15x15 cm.

- *Bandas de aparcadoiro, paradas de autobús e illas de contedores RSU*: 75 cm de solo seleccionado (prescindible en zonas de simple repavimentación) + 25 cm saburra artificial + rega de imprimación C60BF4 IMP + 6 cm mestura bituminosa en quente AC22 surf BC50/70 S.

**Drenaxe**: adecuación dos elementos de drenaxe existentes.

**Estruturas**: executaranse 3 muros de contención de terras:

- 1 muro de formigón, no P.Q. 8+430, de 9 m de lonxitude e altura máxima 4,5 m.

- 1 muro de bloques de pedra, no P.Q. 8+600, de 23 m de lonxitude e altura variable entre 1,5 a 4 m.

- 1 muro de bloques de pedra, no P.Q. 9+350, de 5 m de lonxitude e altura menor de 2 m.

**Sinalización, balizamento e defensas**: repintado das marcas viarias e reposición da sinalización, balizamento e defensas.

**Obras complementarias**: instalación de marquesiñas en paradas de autobús, mobiliario urbano, reubicación de contedores RSU, instalación de varandas e balizas cilíndricas.

## 5. Poboación Servida (INE 2025)

Bueu 11.836 hab.

**TOTAL: 11.836 hab.**

## 6. Concellos Afectados

Concello de Bueu.

## 7. Expropiacións

Parcelas afectadas: 29 por expropiación (25 de titularidade privada e 4 de titularidade pública) e 3 (titularidade privada) por ocupación temporal (dúas delas incluídas tamén en expropiación), todas elas no concello de Bueu.

Solo	39.945,00 €
Bens afectados	1.338,00 €
Premio de afección 5%	2.064,15 €
Ocupación temporal	63,00 €
Total Expropiacións:	43.410,15 €

## 8. Prazo de execución

O prazo de execución das obras previsto é de DOCE (12) meses.


## 9. Orzamentos

Orzamento Base de Licitación (c/IVE)	808.672,51 €
Orzamento de Expropiacións	43.410,15 €
Orzamento Reposición Servizos titularidade privada	6.493,31 €
Orzamento Plan Vixilancia Ambiental	16.544,33 €
Orzamento para Coñecemento da Administración	875.120,30 €

PLANO DE SITUACIÓN




SECCIONS TIPO



SECCIÓN TIPO SENDA PEATONAL Y CICLISTA

Escala 1:20 en A3 (cotas en m)



SECCIÓN TIPO SENDA PEATONAL Y CICLISTA

Escala 1:20 en A3 (cotas en m)